As características do traballo nesta área implican a necesidade de traballar nunha aula de tecnoloxía. Dita aula está deseñada de forma que permite o desenvolvemento das tarefas tanto individuais como de pequeno grupo ou colectivas. Ó tempo permite a realización de tódalas actividades relacionadas co proceso de resolución técnica de problemas: análise de problemas, deseño de solucións, construcións destas, e comunicación dos resultados, mediante o emprego de distintos tipos de comunicación : oral, escrita e audiovisual.

Para cada unidade didáctica se lle dará ó alumnado unha proposta de traballo, e para resolvela o alumnado realiza o proceso en varias fases: deseño e planificación, fabricación da máquina ou obxecto, elaboración dos documentos, presentación e valoración da máquina fabricada.

A maior parte da actividade do alumnado realizase en pequenos grupos de traballo, nos que se coidará o respecto e a cooperación.

No obstante, dada a esaxeración de contidos teóricos que contén o DCB algúns proxectos veranse substituídos por pequenas prácticas de taller.

O profesorado adquire un destacado papel como facilitador e orientador das aprendizaxes, proporcionando recursos e guiando ó alumnado para que eles mesmos solucionen as dificultades.

As propostas de traballo serán alcanzables ó alumnado. Terán, por tanto, unha formulación sinxela tendo en conta que o máis importante é o proceso, non o fin.

Para o seguimento do traballo do alumnado se seguirán os procedementos **normalizados de traballo**, de xeito que cada alumno disporá dun caderno cuadriculado, cunha portada normalizada, numerada e na que terá que reflectir todas as actividades desenvolvidas durante o curso.

7.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Os recursos materiais constitúen soportes físicos, facilitadores da información no proceso comunicativo, posto que a súa misión é vehicular esa información. Entre a multitude de recursos que empregaremos atópanse os seguintes:

ESPAZOS:

Aulas de tecnoloxía: contamos con dúas aulas-taller, co material da dotación de tecnoloxía. Aínda que temos destinado un para ESO e outro para BACHARELATO, a súa utilización dependerá das necesidades curriculares e as necesidades horarias. Este curso incorporamos 30 ordenadores portátiles na aula, polo que non precisaremos empregar ningunha outra aula de tecnoloxía.

Aulas de informática:

Empregámolas para os cursos de TIC de 4º e a nova materia de 3º (consultar programación en PROENS)

MEDIOS

Proxector e ordenador portátil: Os temas impartidos no aula necesitarán o apoio deste material, para facilitar o aprendizaxe por parte dos alumnos de determinados temas debido a la no existencia de libro de texto.

Pantalla dixital interactiva , so na aula de tecnoloxía da ESO

Dotación informática, na aula de bacharelato dispoñemos de 12 ordenadores, na de tecnoloxía 30 ordenadores.

Biblioteca de aula : libros de texto de diferentes editoriais (Rodeira, SM, Edelvives, McGraw-Hill,...) e libros sobre proxectos técnicos.

Aula virtual Moodle: na que se colgará material de apoio aos diversos niveis.

Recursos na rede: poderán empregar Internet para consultar distintas páxinas relacionadas coa Tecnoloxía.

Materiais e ferramentas da aula: ao material que tiñamos o curso pasado sumamos o material de robótica que nos están a mandar como dotación do centro e as ferramentas novas que compramos para distribuír nos dous talleres. Redistribuímos os tablóns de ferramentas a fin de facilitar o traballo do máximo número de alumnos a un tempo.

10 robots Mblock e **6 robots** Ranger, Controladoras Arduino e Adafruit PCE

Impresora Leon 3D na aula de bacharelato.

Cámara de fotos Nikon D3400 (de uso compartido con todo o centro)

8.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

CRITERIOS PARA TECNOLOXÍA DE SEGUNDO ESO:

1. Probas escritas de contidos teórico-prácticos - 60 % da nota.
2. Caderno de clase, traballo diario na aula e participación - 10%
3. Proxectos, actividades e/ou prácticas de taller - 30%

Para obter esta porcentaxe da nota da avaliación cualificaranse os proxectos, actividades e prácticas de taller elaborados en clase mediante rúbricas e as memorias correspondentes de selo caso. Tódalas actividades serán publicadas na aula virtual correspondente á materia e profesor, e asignaráselle unha puntuación máxima en función da duración e dificultade da mesma. Para facer nota media deberá obterse como mínimo un 4 sobre 10 en tódalas partes e exames.

CRITERIOS PARA TECNOLOXÍA CUARTO ESO:

1. Conceptos científico-técnicos (Probas escritas) - 40 % da nota.
2. Tarefas entregadas na aula virtual: 20%

3. Resultado dos proxectos e/ou prácticas de taller: 40% (no caso en que nunha avaliación non haxa ningún proxecto ou práctica rematada, este porcentaxe sumarase aos traballos na aula virtual).

No caso de confinamento algunhas prácticas e proxectos serán substituídos por tarefas na aula virtual. Neste caso a porcentaxe de cualificación se invertirá (40 % tarefas aula virtual e 20% prácticas)

CRITERIOS PARA TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN DE CUARTO:

Avaliaranse todas as tarefas feitas en clase. O peso na nota será, aproximadamente, proporcional ao tempo asignado para ser realizadas. Tendo esto en conta, a cada tarefa asignaráselle un número de puntos determinado. Posto que en tódalas tarefas se desenvolve a competencia dixital será obrigatorio entregar todas as tarefas para ser avaliado deste xeito.

En cada avaliación, fixarase unha fecha e hora tope para presentar e rematar os traballos na carpeta compartida online co profesor. Non entregar un traballo será penalizado cunha puntuación negativa e igual, en valor absoluto, á metade da puntuación asignada a dito traballo. No caso dun traballo entregado moi incompleto, cun 20% de contido ou menos, a consideración dese traballo será equivalente a un traballo non entregado a tódolos efectos.

Entregar fora de prazo ou non entregar dous ou máis traballos suporá que a nota da avaliación correspondente será igual ou menor a 4, aínda que a nota na aula virtual sexa superior.

No caso de suspender unha avaliación, o alumno/a poderá presentar posteriormente os traballos non entregados ou incompletos para poder recuperala, pero so poderá obter unha cualificación dun 5.

Aqueles que queiran subir nota poderán realizar un exame teórico-práctico ao final de curso no que se avaliarán conxuntamente todos os estándares de aprendizaxe traballados ao longo do curso.

9.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

O proceso de ensino-aprendizaxe precisa tamén dunha avaliación continua, que se realizará nas reunións do departamento, a fin de mellorar o proceso. Os procedementos que empregaremos serán os seguintes:

AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO MEDIANTE TAREFAS REALIZADAS NA CLASE:

- Media da puntuación do alumnado na tarefa
- Dificultades que xurdiron ao realizala.
- Grao de motivación do alumnado
- Tempo empregado para realizala e desviación do esperado
- Posibles cambios na programación de futuras tarefas semellantes.

AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE

• AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE	
ACTIVIDADE	INDICADORES DE LOGRO
Planificación	<ul style="list-style-type: none"> -Planifica a práctica docente tendo en conta os estándares de aprendizaxe. Realiza a temporización tendo en conta as horas asignadas á materia e a duración dunha sesión de traballo. -Selecciona e secuencia os contidos de maneira progresiva e tendo en conta os aspectos particulares de cada grupo. -Planifica as clases de maneira aberta e flexible. -Selecciona e elabora os materiais e recursos didácticos para desenvolver a práctica docente na aula. -Prepara o material e guións das prácticas e proxectos que se desenvolverán na aula-taller. -Establece criterios, procedementos e instrumentos de avaliación correlacionados cos estándares de aprendizaxe -Coordínase co profesorado do propio departamento e doutros departamentos.
Motivación do alumnado	<ul style="list-style-type: none"> -Dá a coñecer a planificación da práctica na aula proporcionando unha visión de conxunto ao comezo de cada bloque de contidos e de cada sesión de traballo. -Establece canles de comunicación para que o diálogo sexa fluído dentro e fóra da aula-taller. -Proporciona ao alumnado o apoio necesario durante o proceso de ensino-aprendizaxe. -Desenvolve actividades de diversos tipos e características introducindo elementos novedosos. -Fomenta un bo ambiente na aula. -Promove a participación activa do alumnado. -Fai posible a realimentación na entrega e avaliación de prácticas e traballos. -Relaciona os contidos, os proxectos e as actividades cos intereses do alumnado. Organiza a aula para que o alumnado dispoña de espazo e recursos na realización de prácticas e traballos. -Evita a repetición de proxectos a fin de introducir elementos novedosos que motiven ao alumnado.
Traballo na aula	<ul style="list-style-type: none"> -Resume e repasa ao comezo de cada sesión os contidos xa traballados en sesións anteriores. -Utiliza exemplos na introdución de novos contidos. -Resolve as dúbidas do alumnado dentro e fóra das sesións de traballo. -Establece tempos fóra das sesións de traballo para atender ao alumnado. -Utiliza diferentes soportes durante as sesións de traballo. -Selecciona prácticas, proxectos e actividades en xeral que permitan alcanzar os estándares de aprendizaxe e a adquisición das competencias clave.
Avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe	<ul style="list-style-type: none"> -Realiza a avaliación inicial a fin de tomar as medidas individuais ou colectivas necesarias. -Analiza os procesos e os resultados das prácticas, proxectos, exercicios probas e actividades en xeral. -Establece medidas que permitan introducir melloras. -Fai posible a realimentación na entrega e avaliación de prácticas e traballos indicando os aspectos nos que o alumnado pode e debe introducir melloras. -Proporciona indicacións durante a realización do traballo práctico na aula-taller. -Supervisa de forma continua a resolución de exercicios e realización de tarefas que se desenvolven durante as sesións de traballo. -Favorece os procesos de autoavaliación. -Propón actividades complementarias para resolver problemas que xorden durante o proceso de ensino-aprendizaxe. -Establece con claridade os criterios de avaliación e de puntuación. Informa ao alumnado e ás súas familias dos resultados obtidos.

10.- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

PENDENTE DE SEGUNDO:

a) Alumnado coa Tecnoloxía de 2º ESO pendente que está cursando terceiro de ESO:

O seguimento da materia será titorizado pola profesora que lle de clase. A recuperación da materia pendente farase a través de tarefas que se lle irán entregando regularmente. De non entregar estas tarefas terá que facer unha proba escrita extraordinaria semellante as probas de setembro.

PENDENTE DE TERCEIRO:

a) Alumnado que está a cursar Tecnoloxía de cuarto:

A recuperación da materia pendente farase a través de tarefas que se lle irán entregando regularmente. De non entregar estas tarefas terá que facer unha proba escrita extraordinaria semellante as probas de setembro.

b) Alumnado que non está a cursar Tecnoloxía de 4º:

A recuperación da materia pendente farase a través de tarefas que se lle irán entregando regularmente. De non entregar estas tarefas terá que facer unha proba escrita extraordinaria semellante as probas de setembro. O seguimento da materia será titorizado polo xefe do departamento.

11.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS

TECNOLOXÍA 2º ESO

Dado que este é o primeiro curso no teñen Tecnoloxía a avaliación inicial centrarase nunha avaliación das principais competencias necesarias para o desenvolvemento da materia. Para iso deseñaremos unha primeira unidade didáctica de pequena duración (15 a un mes, dependendo do grupo), na que repasaremos os conceptos previos xerais necesarios para este curso e avaliaremos as principais competencias necesarias para o desenvolvemento do curso. Durante este curso a unidade é un proxecto de forrado das caixas de folios cunha cantidade limitada de cartolina. Avaliarase o traballo en grupo, a capacidade de expresión gráfica, a competencia xeométrica e a súa capacidade para traballar autonomamente e afrontar pequenos retos. Como resultado desta unidade didáctica nunha reunión de departamento e se decidiu empregar proxectos máis cerrados e reforzar as actividades relacionadas co traballo autónomo en grupo.

A competencia dixital a avaliaremos mediante un pequeno cuestionario centrado en coñecer o tempo do alumando adicado a traballar con ferramentas TIC e os seus hábitos de seguridade e privacidade en Internet.

TECNOLOXÍA 4º ESO

Do mesmo xeito que en terceiro a avaliación inicial consistirá nunha pequena unidade didáctica onde se abordaran os conceptos básicos de electricidade estudados en 3º ESO, posteriormente farase unha proba específica para o estudo da mesma.

TIC 4º ESO, 2º BACH.

Dado que o nivel da competencia dixital do alumnado depende moito do seu aprendizaxe informal compre facer unha avaliación que permita que o alumnado explique como é a súa competencia dixital. Para iso decidimos deseñar cuestionarios KPSI , pois cando falamos de competencia dixital o alumnado soe ter unha percepción bastante acertada dos seus coñecementos e habilidades dixitais.

Para discernir se o alumando é consciente das súas habilidades as primeiras clases de TIC sempre son destinadas ao uso variado das ferramentas TICS, e o profesorado observará a relación entre o resultado das probas KPSI e o traballo na aula.

Dado que todo o alumnado de 2º de BACH cursou anteriormente as TIC de primeiro so se avaliará ao alumando procedente doutros centros.

TECNOLOXÍA INDUSTRIAL II

A avaliación inicial centrarase es dúas partes, por unha banda constatar o nivel das competencias relacionadas co traballo práctico no taller, e por outra parte coñecer a súa competencia matemática (moi necesaria para o seguimento do curso) e o grao de manexo das principais magnitudes físicas. Para iso crearemos unha pequena proba que nos permita detectar pequenos baleiros nas competencias do alumnado xeral e incluso a existencia de alumnado illado con problemas específicos.

No segundo curso de Tecnoloxía Industrial, dado que todo o alumando é coñecido realizaremos a proba so a aquel alumnado procedente doutro centro.

IMAXE E SON 2ºBACH.

Nesta materia non é necesario realizar ningunha avaliación inicial ó non necesitarse coñecementos previos específicos,

considerando que se trata dunha materia de iniciación ó mundo audiovisual, e que o alumnado se atopa cursando niveles académicos con contidos de competencia matemática e dixital mais que suficientes para cursar a materia de Imaxe e Son de 2º de Bacharelato. En todo caso, de detectarse algunha lagoa relacionada con esas competencias, realizarase o reforzo que corresponda.

12.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Compre, antes de nada, subliñar que a atención a diversidade é moi difícil e infrutuosa en grupos moi numerosos como nos atopamos aquí. Nestes casos a atención personalizada é imposible dentro da aula, polo que teremos nos nosos horarios unha hora de titoría individual para atender casos concretos. En segundo curso establecemos unha hora á semana de desdobre, que será empregada ou ben para complementar o traballo no taller ou para atender dúbidas individuais do alumnado.

A atención a diversidade tamén se fará mediante a metodoloxía empregada, na que o traballo co alumnado é mediante pequenas tarefas que eles deben facer, respectando así o ritmo individual de cada persoa. Intentaremos minimizar, sempre que sexa posible, as grandes explicacións ao grupo completo e empregar vídeos e textos que o alumnado poida traballar individualmente ou en grupo.

13- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO

Nos centraremos en dous elementos transversais:

- Desigualdade de xénero: no traballo cooperativo que se emprega nas aulas xorden a miúdo situacións de desigualdade de

xénero e de tipificación dos roles femininos e masculinos. Trataremos de identificalos, facelos visibles e desmontalos.

- Respecto polas linguas minoritarias, no noso caso o noso idioma galego. Fomentaremos o uso do galego na tecnoloxía e nas TIC, introducindo vocabulario técnico en galego e achegando a linguaxe informática ao galego. Na medida do posible, tendo en conta a legalidade vixente e as preferencias do profesorado do departamento, procuraremos impartir a maioría das clases en galego para apoiar a súa normalización.

14.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Escolleremos as actividades complementarias e extraescolares que sirvan para motivar ao alumnado na materia así como aquelas que lles permitan coñecer as saídas profesionais relacionadas coa Tecnoloxía Industrial. Por este motivo serán prioritarias as saídas extraescolares a actividades organizadas pola Universidade de Vigo.

Inicialmente están programadas as seguintes saídas:

1º de ESO (todos os grupos). Visita aos talleres da Escola de Artes e Oficios

Data: Novembro

Duración : Saída do instituto as 10:30

1º de ESO (todos os grupos). Visita ao museo etnográfico de Xinzo da Limia e ao museo do traxe de Allariz.

Data: Terceiro trimestre

Duración : Toda a xornada escolar (un luns)

2ºESO (__ alum) - Museo do mar

Data: (por confirmar) Terceiro trimestre

Duración: Saída do centro: 9:30h Chegada aprox: 14:30h

1º e 2º ESO Concurso “Estruturas de area” en **Samil**

Data: 19 xuño

Duración: Saída do centro: 9:00h Chegada aprox: 14:30h

Necesítase bus de ida e volta.

4ºESO Visita **Politécnico** de Vigo. Ciclos

Data: por determinar (Segundo trimestre)

Duración: 3 horas

4º de ESO: Ruta do ciclo da auga: Pazos de Borbén-Encoro de Eiras

Data: Primeiro trimestre

Duración: toda a mañán.

15.- APLICACIÓN DOS PLANS E PROXECTOS DE CENTRO

A nosa participación nos plans do centro será principalmente no eido de introdución das TIC na educación e na reflexión crítica acerca

do uso das mesmas. Dentro das nosas competencias poñemos énfase na competencia dixital a fin de que o resto das materias poidan contar coas ferramentas TIC introducidas nas nosas clases.

Participaremos tamén nos Contrato Programa .

16.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

O departamento establecerá varios mecanismos fundamentais:

1. Revisión das tarefas realizadas en cada reunión de seminario: nas reunións de seminario revisaremos mediante os indicadores de logro as tarefas realizadas, proporanse melloras para o vindeiro curso e sobre todo estudaranse medidas para tarefas similares a realizar o resto do curso.
2. Análise dos resultados académicos de cada trimestre e adaptación da temporalización da programación.
3. Análise dos resultados finais e propostas de mellora para o vindeiro curso.
4. Revisión das propostas realizadas o anterior curso e creación de propostas novas para engadir na nova programación.

2º PARTE: BACHARELATO

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Esta programación está baseada na resolución do 27 de xullo de 2015 *para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia* (DOG 29/07/2015) no seu artigo 13, que desenvolve a LOMCE, se ben, aínda estamos nun curso de transición entre leis, posto que o alumnado de 3º de ESO, e o de 1º de Bacharelato provén da anterior lei. Nestes niveis teremos que modificar lixeiramente o curriculum oficial a fin de realizar esta transición. O decreto do 29 de novembro de 2016 establece que as asignaturas de Tecnoloxía Industrial e Tecnoloxías da información e comunicación non serán avaliadas nas probas finais, polo que poderemos enfocar ditas asignaturas á aprendizaxe do alumnado en vez de á preparación dunha proba. Este feito marcará esta programación pois o primeiro trimestre estivemos a desenvolver unha programación provisional partindo do feito de que o alumnado se tiña que examinar destas materias. A programación para o segundo e terceiro trimestre será, por tanto, partindo do novo decreto aparecido (que non obstante está sen desenvolver na nosa autonomía).

Ao longo do último século, a tecnoloxía, entendida como o conxunto de actividades e coñecementos científicos e técnicos empregados polo ser humano para o deseño e a construción de obxectos, sistemas ou contornos co obxectivo de resolver problemas e satisfacer necesidades, individuais ou colectivas, acadou unha importancia determinante na vida das persoas e no funcionamento da sociedade. A formación das persoas require actualmente unha atención específica á adquisición dos coñecementos necesarios para tomar decisións sobre o uso de materiais, obxectos e procesos tecnolóxicos, resolver problemas relacionados con eles e, en definitiva, utilízalos responsablemente para actuar sobre o contorno e mellorar a calidade de vida.

Unha das características esenciais da actividade tecnolóxica é o seu carácter integrador de diferentes disciplinas. Esta actividade require a conxugación de distintos elementos que proveñen do coñecemento científico e da súa aplicación técnica, pero tamén de

carácter económico, estético, etc. Todo isto de maneira integrada e cun referente disciplinar propio baseado nun modo ordenado e metódico de intervir no contorno.

Enmarcada dentro das materias de modalidade de bacharelato, Tecnoloxía industrial I e II pretende fomentar aprendizaxes que permitan tanto a comprensión dos obxectos técnicos coma os seus principios de funcionamento, a súa utilización e manipulación. Para isto integra coñecementos que amosan o proceso tecnolóxico desde o estudo e viabilidade do produto, pasando pola elección e o emprego dos distintos materiais con que se pode realizar para obter un resultado de calidade, económico e ecolóxico.

A materia impártese en dous cursos e desenvolve diferentes bloques de contidos con entidade propia cada un deles. A organización que se presenta intenta axudar á comprensión do conxunto de coñecementos que se pretende que o alumnado adquira ao longo da etapa, ben que os contidos non poden entenderse separadamente, senón que se trata de que se relacionen entre si e se vinculen cos doutras materias na observación de obxectos e sistemas técnicos reais nos que se integran todos os coñecementos e principios físicos estudados.

As **tecnoloxías da información e da comunicación** (TIC) desenvolven un papel fundamental na sociedade actual, porque proporcionan un conxunto de coñecementos e de técnicas que permiten satisfacer as necesidades individuais e colectivas. Neste sentido, as TIC achéganlle ao currículo a capacidade de analizar e redeseñar a relación entre dispositivos tecnolóxicos e necesidades sociais, ámbito no que a innovación e a condición de inmediata que lle son propias dotan esta materia dunha grande relevancia educativa. Na resolución de problemas coas TIC conxúganse, ademais da innovación, elementos como o traballo en equipo ou o carácter emprendedor, que son imprescindibles para formar unha cidadanía autónoma e competente. Ademais, o coñecemento das novas tecnoloxías proporciona unha imprescindible perspectiva científico-tecnolóxica sobre a necesidade de construír unha sociedade formada por unha cidadanía crítica con respecto ao que acontece arredor dela.

A materia de Tecnoloxías da Información e da Comunicación trata de achegarlle ao alumnado as habilidades necesarias para adaptarse

aos cambios propios deste ámbito tecnolóxico. Nos dous cursos de bacharelato, a materia de Tecnoloxías da Información e da Comunicación persegue a consolidación dunha serie de coñecementos tecnolóxicos indispensables. Así, o bloque "A sociedade da información e o computador" introduce o alumnado na importancia desta materia na sociedade actual. Os bloques "Arquitectura de computadores", "Redes de computadores" e "Seguridade" abundan en aspectos relativos aos compoñentes e á configuración dos computadores, e á súa conexión en redes. O bloque "Software para sistemas informáticos" afonda no uso de aplicacións de uso común no mundo actual, tales como as aplicacións ofimáticas de edición de texto, de cálculo, de elaboración de presentación, de almacenaxe de información e de traballo con imaxe e vídeo. E os bloques "Programación" e "Publicación e difusión de contidos" afondan no deseño de programas que permitan dar solucións a problemas do mundo real, e no uso destes no mundo de internet.

Como noutras materias que tratan aspectos tecnolóxicos, nesta intégranse coñecementos de carácter matemático e científico, ademais de que é frecuente que as TIC se utilicen para resolver problemas específicos doutras disciplinas. Un enfoque interdisciplinar, xa que logo, favorecerá a conexión con outras materias e mesmo con diversos temas de actualidade.

Desde o punto de vista metodolóxico, as TIC admiten tratamentos moi diversos, porque serven tanto para integrar as restantes materias do currículo como para afondar en aspectos moi específicos, como a programación ou as comunicacións, sen esquecer que son especialmente indicadas para reflexionar sobre os temas tecnolóxicos e de actualidade.

Esta materia caracterízase pola realización de actividades nas que se desenvolven destrezas técnicas para acceder ás redes de información, que tamén se comparte, e se utilizan aplicacións informáticas de propósito xeral. Neste contexto, a iniciativa, a colaboración e o respecto polas normas de seguridade e polos dereitos dos colectivos relacionados coa cultura ou coa produción de programas informáticos son tan importantes como o dominio dos recursos informáticos e das redes de comunicacións.

A participación pode potenciarse nesta materia mediante a exposición de traballos, a resolución colaborativa de problemas mediante a realización de proxectos informáticos, a utilización colectiva de recursos virtuais ou a procura e a análise de información en internet, aspectos que tamén favorecen a propia aprendizaxe.

Na ensinanza das TIC resulta, daquela, adecuado reflexionar e traballar en grupo procurando solucións a problemas concretos onde se poidan aplicar os coñecementos adquiridos, e buscar información adicional, se se require, para fomentar o espírito emprendedor.

A contribución da materia de TIC ao desenvolvemento das competencias clave dependerá en grande medida do tipo de actividades; é dicir, da metodoloxía empregada. Neste sentido, a comunicación lingüística desenvolverase na medida en que o alumnado adquiera e utilice un vocabulario técnico preciso, elabore programas e documentos, explique conceptos ou elabore e expoña información. A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía poden alcanzarse configurando e administrando máquinas e sistemas operativos, aplicando técnicas de tratamento e almacenamento de datos ou asumindo hábitos seguros no contexto das redes de comunicación, competencias que tamén se favorecen analizando o funcionamento de programas, aplicacións e sistemas operativos, ou mediante a análise e a valoración das repercusións dos hábitos sociais en internet. A competencia dixital, que é a específica desta materia, desenvolverase co emprego constante das TIC para procurar e almacenar información, para obter e presentar datos e para simular sistemas, ou para elaborar programas ou utilidades informáticas que sirvan para resolver problemas.

Para que o alumnado poida aprender a aprender, as actividades deben permitir que tome decisións cun certo grao de autonomía, que organice o proceso da propia aprendizaxe e que aplique o aprendido a situacións cotiás das que poida avaliar os resultados. Do mesmo xeito, as competencias sociais e cívicas alcanzaranse procurando que o alumnado traballe en equipo, interactúe con outras persoas e con grupos de forma democrática, e respecte a diversidade e as normas, e tamén mediante a análise da interacción entre o desenvolvemento das TIC e os cambios socioeconómicos e culturais que produce.

O sentido de iniciativa e espírito emprendedor conséguese nesta materia a través do deseño, da planificación e da xestión de proxectos informáticos sinxelos, ao transformar as ideas propias en programas ou en documentos. E a conciencia e as expresións culturais reflíctense na análise da influencia dos fitos técnicos das TIC en distintas culturas e no seu desenvolvemento e progreso.

En resumo, a materia de Tecnoloxías da Información e da Comunicación ofrece un inmenso potencial para axudar a comprender o contorno social e para desenvolver un conxunto de competencias relacionadas tanto co contexto profesional como coas formas que a participación cidadá está a adoptar no contexto das TIC que afectan por igual os ámbitos social e do desenvolvemento persoal.

2. - CONTIDOS:

Tecnoloxía Industrial II. 2º de bacharelato		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque 1. Materiais		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Estrutura interna e propiedades dos materiais. ▪ B1.2. Procedementos de ensaio e medida de propiedades dos materiais. ▪ B1.3. Técnicas de modificación das propiedades dos materiais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Identificar as características dos materiais para unha aplicación concreta, tendo en conta as súas propiedades intrínsecas e os factores técnicos relacionados coa súa estrutura interna, así como a posibilidade de empregar materiais non convencionais para o seu desenvolvemento, obtendo información por medio das tecnoloxías da información e da comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TI2B1.1.1. Explica como se poden modificar as propiedades dos materiais, tendo en conta a súa estrutura interna. ▪ TI2B1.1.2. Selecciona o material máis axeitado para unha aplicación concreta, obtendo información por medio das tecnoloxías da información e da comunicación.
Bloque 2. Principios de máquinas		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Máquinas: conceptos fundamentais, estrutura e tipos. ▪ B2.2. Deseño asistido de máquinas e simulación do seu funcionamento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Definir e expor as condicións nominais dunha máquina ou unha instalación a partir das súas características de uso, presentándoas co soporte de medios informáticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TI2B2.1.1. Debuxa esbozos de máquinas empregando programas de deseño CAD, e explica a función de cada un no conxunto. ▪ TI2B2.1.2. Define as características e a función dos elementos dunha máquina, interpretando planos de máquinas dadas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Máquinas térmicas: tipos, funcionamento e aplicacións principais. ▪ B2.4. Máquinas eléctricas: tipos, funcionamento e aplicacións principais. ▪ B2.5. Magnitudes que definen as máquinas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Describir as partes de motores térmicos e eléctricos, e analizar os seus principios de funcionamento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TI2B2.2.1. Calcula rendementos de máquinas tendo en conta as enerxías implicadas no seu funcionamento. ▪ TI2B2.2.2. Describe o funcionamento e as partes dos motores térmicos e eléctricos.
Bloque 3. Sistemas automáticos		

PROGRAMACIÓN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA – IES O CASTRO

<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Estrutura e tipos de sistemas automáticos. ▪ B3.2. Elementos que compoñen un sistema de control. Simbología. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Expor en público a composición dunha máquina ou un sistema automático, identificando os elementos de mando, control e potencia, e explicando a relación entre as partes que os compoñen. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TI2B3.1.1. Define as características e a función dos elementos dun sistema automático, interpretando planos e esquemas destes. ▪ TI2B3.1.2. Diferencia entre sistemas de control de lazo aberto e pechado, e propón exemplos razoados.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Deseño e simulación de sistemas automáticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Representar graficamente, mediante programas de deseño, a composición dunha máquina, dun circuíto ou dun sistema tecnolóxico concreto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TI2B3.2.1. Deseña mediante bloques xenéricos sistemas de control para aplicacións concretas, describe a función de cada bloque no conxunto e xustifica a tecnoloxía empregada.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Representación dos sinais de entrada e saída de sistemas automáticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Verificar o funcionamento de sistemas automáticos mediante simuladores reais ou virtuais, interpretando esquemas e identificando os sinais de entrada e saída en cada bloque. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TI2B3.3.1. Verifica mediante simuladores os sinais de entrada e saída dun sistema automático.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Simulación, montaxe e experimentación de circuítos eléctricos ou pneumáticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Implementar fisicamente circuítos eléctricos ou pneumáticos a partir de planos ou esquemas de aplicacións características. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TI2B3.4.1. Monta fisicamente circuítos simples, interpretando esquemas e realizando gráficos dos sinais nos puntos significativos.
<p>Bloque 4. Circuítos e sistemas lóxicos</p>		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Álgebra de Boole. Táboas da verdade. Portas e funcións lóxicas. Simplificación de funcións. ▪ B4.2. Circuítos lóxicos combinacionais. Circuítos combinacionais integrados. ▪ B4.3. Deseño, montaxe e simulación de circuítos lóxicos combinacionais. Aplicacións. ▪ B4.4. Representación e interpretación de sinais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Deseñar mediante portas lóxicas sinxelos automatismos de control, aplicando procedementos de simplificación de circuítos lóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TI2B4.1.1. Realiza táboas de verdade de sistemas combinacionais, identificando as condicións de entrada e a súa relación coas saídas solicitadas. ▪ TI2B4.1.2. Deseña circuítos lóxicos combinacionais con portas lóxicas a partir de especificacións concretas, aplicando técnicas de simplificación de funcións, e propón o posible esquema do circuíto. ▪ TI2B4.1.3. Deseña circuítos lóxicos combinacionais con bloques integrados, partindo de especificacións concretas, e propón o posible esquema do circuíto. ▪ TI2B4.1.4. Visualiza sinais en circuítos dixitais mediante equipamentos reais ou simulados, e verifica a súa forma.
<p>Bloque 5. Control e programación de sistemas automáticos</p>		

PROGRAMACIÓN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA – IES O CASTRO

<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Circuitos lóxicos secuenciais electrónicos. ▪ B5.2. Biestables: tipos e aplicacións. ▪ B5.3. Representación dos sinais de saída dos circuitos lóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Analizar o funcionamento de sistemas lóxicos secuenciais dixitais, e describir as características e as aplicacións dos bloques constitutivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TI2B5.1.1. Explica o funcionamento dos biestables, indicando os tipos e as súas táboas de verdade asociadas. ▪ TI2B5.1.2. Debuxa o cronograma dun contador e explica os cambios que se producen nos sinais.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Elementos básicos de circuitos secuenciais eléctricos. ▪ B5.3. Representación dos sinais de saída dos circuitos lóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Analizar e realizar cronogramas de circuitos secuenciais, identificando a relación dos elementos entre si e visualizándoos graficamente mediante o equipamento máis axeitado ou programas de simulación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TI2B5.2.1. Obtén sinais de circuitos secuenciais típicos empregando software de simulación. ▪ TI2B5.2.2. Debuxa cronogramas de circuitos secuenciais partindo dos esquemas destes e das características dos elementos que o compoñen.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Deseño e simulación de circuitos lóxicos secuenciais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Deseñar circuitos secuenciais sinxelos analizando as características dos elementos que os conforman e a súa resposta no tempo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TI2B5.3.1. Deseña circuitos lóxicos secuenciais sinxelos con biestables a partir de especificacións concretas e elaborando o esquema do circuito.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.6. Microprocesador: aplicacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Relacionar os tipos de microprocesadores empregados en computadores de uso doméstico, procurando a información en internet, e describir as súas principais prestacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TI2B5.4.1. Identifica os principais elementos que compoñen un microprocesador tipo e compárao con algún microprocesador comercial.

Tecnoloxías da Información e da Comunicación II. 2º de bacharelato		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque 1. Programación		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Estructuras de almacenamento de datos. Tipos de datos. Variables, vectores e matrices. Listas, pilas e colas. Estructuras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Describir as estruturas de almacenamento e analizar as características de cada unha. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TIC2B1.1.1. Explica as estruturas de almacenamento para diferentes aplicacións tendo en conta as súas características.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Diagramas de fluxo: elementos e símbolos, e o seu significado. ▪ B1.3. Deseño de algoritmos con diagramas de fluxo utilizando ferramentas informáticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Coñecer e comprender a sintaxe e a semántica das construcións dunha linguaxe de programación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TIC2B1.2.1. Elabora diagramas de fluxo de mediana complexidade usando elementos gráficos e relacionándoos entre si para dar resposta a problemas concretos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Transformación de diagramas de fluxo en pseudocódigo ou en código fonte. ▪ B1.5. Programación modular: módulos, procedementos e funcións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Realizar programas de aplicación nunha linguaxe de programación determinada e apicalos á solución de problemas reais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TIC2B1.3.1. Elabora programas de mediana complexidade definindo o fluxograma correspondente e escribindo o código correspondente. ▪ TIC2B1.3.2. Descompón problemas de certa complexidade en problemas máis pequenos susceptibles de seren programados como partes separadas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Deseño e realización de probas: tipos de probas e casos de proba. Depuración. ▪ B1.7. Optimización e documentación. Análise de código e refactorización. Repositorios de código e control de versións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Depurar programas informáticos, optimizándoos para a súa aplicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TIC2B1.4.1. Obtén o resultado de seguir un programa escrito nun código determinado, partindo de determinadas condicións. ▪ TIC2B1.4.2. Optimiza o código dun programa dado aplicando procedementos de depuración.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Uso básico dun contorno de desenvolvemento: edición de programas e xeración de executables. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Utilizar contornos de programación para deseñar programas que resolvan problemas concretos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TIC2B3.2.1. Elabora programas de mediana complexidade utilizando contornos de programación.
Bloque 2. Publicación e difusión de contidos		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Linguaxes de marcaxe para a creación de documentos web. ▪ B2.2. Accesibilidade e usabilidade en internet. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Utilizar e describir as características das ferramentas relacionadas coa web social, identificando as funcións e as posibilidades que ofrecen as plataformas de traballo colaborativo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TIC2B2.1.1. Deseña páxinas web e blogs con ferramentas específicas analizando as características fundamentais relacionadas coa súa accesibilidade e a súa usabilidade, tendo en conta a función á que está destinada.

PROGRAMACIÓN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA – IES O CASTRO

<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Ferramentas de xestión de contidos da web 2.0. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Elaborar e publicar contidos na web que integren información textual, gráfica e multimedia, tendo en conta a quen van dirixidos e os obxectivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TIC2B2.2.1. Elabora traballos utilizando as posibilidades de colaboración que permiten as tecnoloxías baseadas na web 2.0.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Características da web 2.0. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Analizar e utilizar as posibilidades que nos ofrecen as tecnoloxías baseadas na web 2.0 e sucesivos desenvolvementos, aplicándoas ao desenvolvemento de traballos colaborativos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TIC2B2.3.1. Explica as características relevantes da web 2.0 e os principios en que esta se basea.
<p>Bloque 3. Seguridade</p>		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Medidas físicas e lóxicas de seguridade en redes: devasas, copias de seguridade, sistemas de control de acceso, monitorización de sistemas e análise de logs. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Adoptar as condutas de seguridade activa e pasiva que posibiliten a protección dos datos e do propio individuo nas súas interaccións en internet e na xestión de recursos e aplicacións locais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TIC2B3.1.1. Elabora un esquema de bloques cos elementos de protección física fronte a ataques externos para unha pequena rede, considerando tanto os elementos de hardware de protección como as ferramentas de software que permiten protexer a información.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.8. Seguridade lóxica. Tipos de ameaza e técnicas de vixilancia dos sistemas: protección contra virus e respaldo de información. ▪ B1.9. Seguridade física: protección física das redes. ▪ B1.10. Tipos de código malicioso e usos: virus, troianos, portas traseiras e publicitario. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Analizar a importancia da protección da información na sociedade do coñecemento, valorando as repercusións de tipo económico, social ou persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TIC2B1.5.1. Selecciona elementos de protección de software para internet relacionándoos cos posibles ataques.
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ TIC2B1.5.2. Elabora un esquema de bloques cos elementos de protección física fronte a ataques externos para unha pequena rede, considerando os elementos de hardware de protección
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ TIC2B1.5.3. Clasifica o código malicioso pola súa capacidade de propagación e describe as características de cada un, indicando sobre que elementos actúan.

Imaxe e Son. 2º de bacharelato		
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque 1. Recursos expresivos utilizados en producións audiovisuais		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Produción audiovisual: tipoloxía de xénero, intencionalidade comunicativa e códigos expresivos. ▪ B1.2. Características expresivas da imaxe: calidades plásticas, funcionais, semánticas e técnicas. ▪ B1.3. Característica expresivas nos dispositivos de captación de imaxe analóxicos e dixitais. ▪ B1.4. Encadramento e ángulo de cámara. Tipos de plano: uso e funcionalidade. ▪ B1.5. Conceptos espaciais da imaxe: valor expresivo e comunicativo. Campo e fóra de campo. Movemento interno e posta en escena. ▪ B1.6. Uso do son diexético e extradiexético. Voz en off. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Analizar criticamente os recursos expresivos utilizados nas producións audiovisuais, relacionando as características funcionais e tipolóxicas coa consecución dos obxectivos comunicativos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ IS.1.1.1. Identifica a tipoloxía de xénero, a intencionalidade comunicativa e os códigos expresivos empregados na realización de produtos audiovisuais, a partir da súa visión e da súa análise crítica.
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ IS.1.1.2. Recoñece as características expresivas da imaxe fixa e móbil e as súas calidades plásticas, funcionais, semánticas e técnicas, en composicións fotográficas e produtos audiovisuais multimedia e dos novos medios.
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ IS.1.1.3. Valora as consecuencias comunicativas da utilización formal e expresiva do encadramento, o ángulo de cámara e os seus movementos na resolución de diversas situacións audiovisuais.
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ IS.1.1.4. Relaciona o valor expresivo e comunicativo dos conceptos espaciais da imaxe, tales como o campo, o fóra de campo e os movementos interno e externo dos planos, coa interpretación do relato audiovisual.
Bloque 2. Análise de situacións audiovisuais		

PROGRAMACIÓN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA – IES O CASTRO

<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Elementos teóricos da montaxe audiovisual: tipoloxías. ▪ B2.2. Temporalidade e ritmo na edición. ▪ B2.3. Recursos técnicos da montaxe e a edición: corte, fundido e encadeado. ▪ B2.4. Efectos e signos de puntuación na transmisión comprensiva da mensaxe audiovisual. ▪ B2.5. Funcións da linguaxe. Fragmentación. Non fragmentación. Construción do significado. ▪ B2.6. Influencia da técnica da montaxe e a edición na percepción do espazo e a temporalidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Analizar situacións audiovisuais extraídas de produtos cinematográficos de diversos xéneros, aplicando as técnicas de linguaxe audiovisual e valorando os elementos que garanten o mantemento da continuidade narrativa e formal nunha produción audiovisual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ IS.2.1.1. Analiza os elementos teóricos da montaxe audiovisual para a análise da continuidade da mensaxe narrativa de produtos filmicos. ▪ IS.2.1.2. Diferencia as achegas máis significativas producidas na evolución histórica das teorías da montaxe audiovisual. ▪ IS.2.1.3. Valora as consecuencias da aplicación das técnicas de montaxe filmica no mantemento da continuidade narrativa, perceptiva, formal, de movemento, de acción e de dirección. ▪ IS.2.1.4. Relaciona a funcionalidade narrativa e expresiva dos efectos e os signos de puntuación, así como a súa corrección técnica, coa transmisión comprensiva da mensaxe nunha produción audiovisual. ▪ IS.2.1.5. Xustifica as alternativas posibles na montaxe dun produto audiovisual, a partir da valoración do tratamento do tempo, do espazo e da idea ou contido.
<p>Bloque 3. Elaboración de guións audiovisuais</p>		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. O guión como documento de traballo. Translación do texto á imaxe e ao son. ▪ B3.2. Guión audiovisual. Estrutura narrativa. Idea temática. Escenas e secuencias. ▪ B3.3. Fases de creación dun guión. ▪ B3.4. Guión literario, guión técnico e storyboard. ▪ B3.5. Produción audiovisual multimedia: fases e persoal que intervéñ. ▪ B3.6. Guión audiovisual e guión de audiodescrición. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Elaborar guións audiovisuais aplicando unha estrutura narrativa coherente coas posibilidades expresivas da imaxe, o son e a música. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ IS.3.1.1. Valora a importancia da función expresiva da imaxe, o son e a música no proceso de creación de guións audiovisuais. ▪ IS.3.1.2. Caracteriza a estrutura narrativa e a idea temática dun guión audiovisual de ficción, a partir da análise dun proxecto achegado. ▪ IS.3.1.3. Constrúe o guión literario dunha determinada secuencia seguindo as fases estandarizadas nas producións audiovisuais: determinación da idea, documentación, storyline, argumento e tratamento. ▪ IS.3.1.4. Realiza a transformación dunha secuencia dramática á estrutura propia dun guión técnico e un storyboard. ▪ IS.3.1.5. Relaciona os procesos e as fases dunha produción audiovisual multimedia coas funcións do persoal técnico e artístico que intervéñ nesta. ▪ IS.3.1.6. Identifica as diferenzas e as semellanzas na construción de guións

PROGRAMACIÓN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA – IES O CASTRO

		audiovisuais e guións de audiodescrición.
Bloque 4. Captación de imaxes fotográficas e de vídeo		
B.1	2º-IS.1.1.1 - Identifica a tipoloxía de xénero, a intencionalidade comunicativa e os	Realizar a análise da intencionalidade de producións audiovisuais cunha visión crítica en función da	X			PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto. Proba	CSC

PROGRAMACIÓN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA – IES O CASTRO

	<p>códigos expresivos empregados na realización de produtos audiovisuais, a partir da súa visión e da súa análise crítica.</p> <p>Peso: 2.17%</p>	<p>intencionalidade da mesma.</p>				<p>obxectiva.</p>	
B.1	<p>2º-IS.1.1.2 - Recoñece as características expresivas da imaxe fixa e móbil e as súas calidades plásticas, funcionais, semánticas e técnicas, en composicións fotográficas e produtos audiovisuais multimedia e dos novos medios.</p> <p>Peso: 2.17%</p>	<p>Saber analizar as características expresivas dunha fotografía, a composición, o encuadre e a intencionalidade as calidades plásticas.</p>	X			<p>PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto. Exposición dun tema.</p>	CD
B.1	<p>2º-IS.1.1.3 - Recoñece as características expresivas da imaxe fixa e móbil e as súas calidades plásticas, funcionais, semánticas e técnicas, en composicións fotográficas e produtos audiovisuais multimedia e dos novos medios.</p> <p>Peso: 2.17%</p>	<p>Saber analizar as características expresivas da fotografía móbil dunha produción audiovisuais, a composición, o encuadre e a intencionalidade as calidades plásticas.</p>	X			<p>PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto. Exposición dun tema.</p>	CSC
B.1	<p>2º-IS.1.1.4 - Relaciona o valor expresivo e comunicativo dos conceptos espaciais da</p>	<p>Recoñecer o valor expresivo e comunicativo dunha imaxe, fixa ou móbil, tales como o campo, o fóra de campo e os</p>	X			<p>PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Cuestionario aberto.</p>	CSC

	<p>imaxe, tales como o campo, o fóra de campo e os movementos interno e externo dos planos, coa interpretación do relato audiovisual.</p> <p>Peso: 2.17%</p>	<p>movementos interno e externo dos planos, coa interpretación do relato audiovisual.</p>				<p>Exposición dun tema.</p>	
2: Análise de situacións audiovisuais							
B2.1	<p>2º-IS.2.1.1 - Analiza os elementos teóricos da montaxe audiovisual para a análise da continuidade da mensaxe narrativa de produtos fílmicos.</p> <p>Peso: 2.17%</p>	<p>Saber analizar os elementos teóricos dunha curtometraxe en relación á continuidade da súa mensaxe narrativa.</p>	X			<p>PROCEDEMENTOS: Gravacións e análise. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Gravación e análise. Proba de interpretación de datos.</p>	CCL
B2.1	<p>2º-IS.2.1.2 - Diferencia as achegas máis significativas producidas na evolución histórica das teorías da montaxe audiovisual.</p> <p>Peso: 2.17%</p>	<p>Comparar e analizar cales son as diferencia as achegas máis significativas producidas na evolución histórica das teorías da montaxe audiovisual comparando películas clásicas dos anos 40, 50 e 60 coas máis actuais.</p>	X			<p>PROCEDEMENTOS: Gravacións e análise. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Gravación e análise. Proba de interpretación de datos.</p>	CD
B2.1	<p>2º-IS.2.1.3 - Valora as consecuencias da aplicación das técnicas de montaxe fílmica no mantemento da continuidade narrativa, perceptiva, formal, de movemento, de acción e de dirección.</p>	<p>Analizar as consecuencias da aplicación das técnicas de montaxe fílmica no mantemento da continuidade narrativa, perceptiva, formal, de movemento, de acción e de dirección, en varias curtametraxes, comparando unhas con outras.</p>	X			<p>PROCEDEMENTOS: Gravacións e análise. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Gravación e análise. Proba de interpretación de datos.</p>	CCEC

	Peso: 2.17%						
B2.1	2º-IS.2.1.4 - Relaciona a funcionalidade narrativa e expresiva dos efectos e os signos de puntuación, así como a súa corrección técnica, coa transmisión comprensiva da mensaxe nunha produción audiovisual. Peso: 2.17%	Saber relacionar a funcionalidade narrativa e expresiva dos efectos e os signos de puntuación, así como a súa corrección técnica, coa transmisión comprensiva da mensaxe comparando varias curtametraxes.	X			PROCEDEMENTOS: Gravacións e análise. Probos específicas. INSTRUMENTOS: Gravación e análise. Proba de interpretación de datos.	CCA
B2.1	2º-IS.2.1.5 - Xustifica as alternativas posibles na montaxe dun produto audiovisual, a partir da valoración do tratamento do tempo, do espazo e da idea ou contido. Peso: 2.17%	Saber xustificar as alternativas posibles na montaxe dun produto audiovisual, a partir da valoración do tratamento do tempo, do espazo e da idea ou contido, de varias curtametraxes.	X			PROCEDEMENTOS: Gravacións e análise. Probos específicas. INSTRUMENTOS: Gravación e análise. Proba de interpretación de datos.	CSIEE
3: Elaboración de guións audiovisuais							
B3.1	2º-IS.3.1.1 - Valora a importancia da función expresiva da imaxe, o son e a música no proceso de creación de guións audiovisuais. Peso: 2.17%	Analizar a partir de varias producións audiovisuais a función expresiva da imaxe, o son e a música no proceso de creación de guións audiovisuais.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probos específicas. INSTRUMENTOS: Textos escritos. Proba de interpretación de datos.	CCEC
B3.1	2º-IS.3.1.2 - Caracteriza a estrutura narrativa e a idea temática dun guión audiovisual de ficción, a partir da análise dun	Extraer a estrutura narrativa e a idea temática dun guión audiovisual de ficción, a partir da análise dunha curtametraxe dada.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probos específicas. INSTRUMENTOS: Textos escritos. Proba aberta.	CCA

PROGRAMACIÓN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA – IES O CASTRO

	<p>proxecto achegado.</p> <p>Peso: 2.17%</p>						
B3.1	<p>2º-IS.3.1.3 - Constrúe o guión literario dunha determinada secuencia seguindo as fases estandarizadas nas producións audiovisuais: determinación da idea, documentación, storyline, argumento e tratamento.</p> <p>Peso: 2.17%</p>	<p>Conocer e saber elaborar un guión literario dunha secuencia dunha produción propia tendo en conta as fases estandarizadas nas producións audiovisuais: determinación da idea, documentación, storyline, argumento e tratamento.</p>		X		<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Textos escritos. Proba aberta.</p>	CCL
B3.1	<p>2º-IS.3.1.4 - Realiza a transformación dunha secuencia dramática á estrutura propia dun guión técnico e un storyboard.</p> <p>Peso: 2.17%</p>	<p>Saber realizar o guión técnico e o storyboard dunha secuencia dramática dunha produción audiovisual.</p>		X		<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Textos escritos. Proba aberta.</p>	CSIEE
B3.1	<p>2º-IS.3.1.5 - Relaciona os procesos e as fases dunha produción audiovisual multimedia coas funcións do persoal técnico e artístico que intervén nesta.</p> <p>Peso: 2.17%</p>	<p>Coñecer os procesos e as fases dunha produción audiovisual multimedia coas funcións do persoal técnico e artístico que intervén nesta.</p>		X		<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Textos escritos. Proba aberta.</p>	CAA
B3.1	<p>2º-IS.3.1.6 - Identifica as diferenzas e as semellanzas na</p>	<p>Saber identificar as diferenzas e As semellanzas na construción de guións</p>		X		<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.</p>	CCL

	<p>construción de guións audiovisuais e guións de audiodescrición.</p> <p>Peso: 2.17%</p>	<p>audiovisuais.</p>				<p>INSTRUMENTOS: Textos escritos. Proba aberta.</p>	
4: Captación de imaxes fotográficas e de vídeo							
B4.1	<p>2º-IS.4.1.1 - Compara o proceso de captación de imaxes do ollo humano e da percepción visual coa aplicación transferida aos sistemas de captación e reprodución visual.</p> <p>Peso: 2.17%</p>	<p>Coñecer as diferencias no proceso de captación de imaxes do ollo humano e da percepción visual coa aplicación transferida aos sistemas de captación fotográfica.</p>	X			<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Cuestionarios. Gravacións e análise.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións fotográficas. Cuestionario aberto. Gravación e análise.</p>	CSC
B4.1	<p>2º-IS.4.1.5 - Elixo as alternativas apropiadas de rexistro en fita magnética, discos ópticos, tarxetas de memoria e discos duros que resulten idóneas para diversos tipos de filmación ou gravación audiovisual.</p> <p>Peso: 2.17%</p>	<p>Coñecer as alternativas apropiadas de rexistro en fita magnética, discos ópticos, tarxetas de memoria e discos duros e saber cales resultan máis adecuadas para diversos tipos de filmación ou gravación audiovisual.</p>	X			<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Cuestionarios. Gravacións e análise.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións fotográficas. Cuestionario aberto. Gravación e análise.</p>	CMCT
B4.1	<p>2º-IS.4.1.2 - Xustifica o efecto da iluminación das secuencias que se vaian captar polos sistemas técnicos audiovisuais.</p> <p>Peso: 2.17%</p>	<p>Coñecer o efecto da iluminación das secuencias que se vaian captar polos sistemas técnicos audiovisuais e saber escoller a iluminación máis axeitada.</p>	X			<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Cuestionarios. Gravacións e análise.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións fotográficas. Cuestionario aberto. Gravación e análise.</p>	CMCT

B4.1	<p>2º-IS.4.1.4 - Rexistra coa cámara de vídeo e coa fotográfica as tomas, os planos e as secuencias, e introduce os axustes necesarios de temperatura de cor, exposición, resolución, son e os metadatos coa información necesaria para a súa identificación.</p> <p>Peso: 2.17%</p>	<p>Saber rexistrar coa cámara fotográfica as tomas, os planos e as secuencias dunha produción propia, e introducir os axustes necesarios de temperatura de cor, exposición, resolución, necesaria para a súa identificación.</p>	X			<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Cuestionarios. Gravacións e análise.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións fotográficas. Cuestionario aberto. Gravación e análise.</p>	CMCT
B4.1	<p>2º-IS.4.1.3 - Dispón os flashes fotográficos ou a iluminación lixeira necesaria para adecuar as condicións lumínicas da escena aos dispositivos de captura fotográfica ou de vídeo.</p> <p>Peso: 2.17%</p>	<p>Utilizar o flash fotográfico e/ou unha iluminación lixeira para adecuar as condicións lumínicas da escena aos dispositivos de captura fotográfica e/ou de vídeo.</p>	X			<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Cuestionarios. Gravacións e análise.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións fotográficas. Cuestionario aberto. Gravación e análise.</p>	CMCT
B4.2	<p>2º-IS.4.2.1 - Utiliza recursos audiovisuais de acordo coas leis de propiedade intelectual.</p> <p>Peso: 2.17%</p>	<p>Recoñecer, respectar e utilizar os recursos audiovisuais alleos de acordo coas leis de propiedade intelectual.</p>	X			<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Cuestionarios. Gravacións e análise.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións fotográficas. Cuestionario aberto. Gravación e análise.</p>	CSC
5: Tratamento dixital de imaxes							
B5.1	<p>2º-IS.5.1.1 - Corrixe anomalías dos orixinais de imaxe fixa, e realiza os axustes necesarios de contraste, equilibrio de gris, brillo e saturación, adaptando</p>	<p>Saber analizar e corrixir anomalías dos orixinais de imaxe fixa, e realiza os axustes necesarios de contraste, equilibrio de gris, brillo e saturación, dunha imaxe fotográfica dada.</p>	X			<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Cuestionarios. Gravacións e análise.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións fotográficas. Cuestionario aberto. Gravación e análise.</p>	CMCT

	o resultado ás características do medio ou soporte final das imaxes. Peso: 2.17%						
B5.1	2º-IS.5.1.2 - Adapta e axusta as imaxes ás características técnicas do medio ou soporte final, garantindo, de ser o caso, o rexistro espazo-temporal e a continuidade das secuencias de imaxes fixas necesarias para a elaboración do material visual. Peso: 2.17%	Saber adaptar e axustar as imaxes ás características técnicas do medio ou soporte final, garantindo, de ser o caso, o rexistro espazo-temporal e a continuidade das secuencias de imaxes fixas necesarias para a elaboración do material visual.	X			<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Cuestionarios. Gravacións e análise.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións fotográficas. Cuestionario aberto. Gravación e análise.</p>	CSIEE
B5.1	2º-IS.5.1.3 - Elabora a imaxe final do proxecto mediante a aplicación de transformacións xeométricas e efectos de perspectiva necesarios, empregando técnicas e ferramentas específicas de edición. Peso: 2.17%	Saber transformar adecuadamente a perspectiva dunha imaxe dada para adaptala a un resultado final requerido, mediante a aplicación de transformacións xeométricas e empregando técnicas e ferramentas específicas de edición.	X			<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Cuestionarios. Gravacións e análise.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións fotográficas. Cuestionario aberto. Gravación e análise.</p>	CMCT
6: Edición de pezas visuais							
B6.1	2º-IS.6.1.1 - Relaciona as especificacións técnicas e as calidades operativas do equipamento de	Coñecer as especificacións técnicas e as calidades operativas do equipamento de posprodución e as metodoloxías de montaxe e			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Gravacións e análise. Cuestionarios.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións audiovisuais. Gravación e análise. Cuestionario aberto.</p>	CAA

PROGRAMACIÓN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA – IES O CASTRO

	posproducción coas metodoloxías de montaxe e edición en proxectos de cine, vídeo e televisión. Peso: 2.17%	edición en proxectos de cine, vídeo e televisión.					
B6.1	2º-IS.6.1.2 - Configura o proxecto de edición de gráficos e imaxes fixas ou de edición non lineal, considerando o formato axeitado ao material orixinal e á difusión final que se pretende no proxecto. Peso: 2.17%	Ser capaz de configurar o proxecto de edición de gráficos e imaxes fixas ou de edición non lineal, considerando o formato axeitado ao material orixinal e á difusión final que se pretende no proxecto.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Gravacións e análise. Cuestionarios.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións audiovisuais. Gravación e análise. Cuestionario aberto.</p>	CSIEE
B6.1	2º-IS.6.1.3 - Edita as pezas de vídeo, as fotografías, os gráficos, os rótulos e os elementos sonoros na liña de tempo do programa de edición, realizando transicións entre os planos, elaborando subtítulos, harmonizando o ton e sincronizando a duración da imaxe co audio. Peso: 2.17%	Realizar sobre un proxecto de vídeo de edición propia, a edición das fotografías, gráficos, rótulos e dos elementos sonoros na liña de tempo do programa de edición, realizando transicións entre os planos, elaborando subtítulos, harmonizando o ton e sincronizando a duración da imaxe co audio.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Gravacións e análise. Cuestionarios.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións audiovisuais. Gravación e análise. Cuestionario aberto.</p>	CD
B6.1	2º-IS.6.1.4 - Exporta a peza visual de edición a un ficheiro co formato necesario para a súa	Saber realizar a exportación dun proxecto de vídeo de edición propia a un ficheiro co formato necesario para a súa			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Gravacións e análise. Cuestionarios.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións audiovisuais.</p>	CMCC T

	posterior reprodución. Peso: 2.17%	posterior reprodución en diferentes medios.				Gravación e análise. Cuestionario aberto.	
B6.1	2º-IS.6.1.5 - Xustifica a idoneidade da edición lineal ou da edición non lineal en diversos proxectos de montaxe e posproducción. Peso: 2.17%	Coñecer as características e peculiaridades principais da edición lineal e da edición non lineal en diversos proxectos de montaxe e posproducción, e ser capaz de escoller a máis adecuada para un proxecto en concreto.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Gravacións e análise. Cuestionarios. INSTRUMENTOS: Producións audiovisuais. Gravación e análise. Cuestionario aberto.	CCEC
7: Deseño de bandas sonoras							
B7.1	2º-IS.7.1.1 - Especifica o valor funcional, expresivo e comunicativo dos recursos sonoros empregados na construción da banda sonora dunha produción audiovisual ou radiofónica. Peso: 2.17%	Ser capaz de escoller para unha produción audiovisual de produción propia (por exemplo una curtametraxe) recursos sonoros co valor funcional, expresivo e comunicativo axeitados.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Cuestionarios. INSTRUMENTOS: Producións musicais. Cuestionario aberto.	CCEC
B7.1	2º-IS.7.1.2 - Recoñece as achegas tecnolóxicas e expresivas que o son achegou no proceso de transformación do cine mudo ao cine sonoro. Peso: 2.17%	Saber recoñecer as achegas tecnolóxicas e expresivas que o son achegou no proceso de transformación do cine mudo ao cine sonoro.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Cuestionarios. INSTRUMENTOS: Producións musicais. Cuestionario aberto.	CMCC T
B7.1	2º-IS.7.1.3 - Identifica os recursos específicos de linguaxe sonora empregados na	Ser capaz de utilizar para unha produción audiovisual de produción propia (por exemplo una curtametraxe) recursos			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Cuestionarios. INSTRUMENTOS: Producións musicais.	CCL

PROGRAMACIÓN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA – IES O CASTRO

	<p>construción da banda sonora dunha produción audiovisual.</p> <p>Peso: 2.17%</p>	<p>específicos diferentes da linguaxe sonora para elaborar unha banda sonora axeitada.</p>				<p>Cuestionario aberto.</p>	
B7.1	<p>2º-IS.7.1.4 - Diferencia as características estruturais, expresivas e funcionais dos xéneros radiofónicos, a partir da análise das grellas de programación de distintas emisoras de radio.</p> <p>Peso: 2.17%</p>	<p>Coñecer as principais características estruturais, expresivas e funcionais dos xéneros radiofónicos.</p>		X		<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Cuestionarios.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións musicais. Cuestionario aberto.</p>	CCEC
B7.1	<p>2º-IS.7.1.5 - Elabora mediante aplicacións dixitais a banda sonora dun produto audiovisual sinxelo ou multimedia e dun programa de radio, dando resposta aos seus requisitos comunicativos.</p> <p>Peso: 2.17%</p>	<p>Elaborar mediante aplicacións dixitais algunha das partes da banda sonora dunha curtametraxe de produción propia. Elaborar mediante aplicacións dixitais algunha a sonorización dun programa de radio pregrabado e de produción propia.</p>		X		<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Cuestionarios.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións musicais. Cuestionario aberto.</p>	CD
B7.1	<p>2º-IS.7.1.6 - Analiza e valora os produtos de audiodescrición e subtitulación de obras audiovisuais e multimedia para a atención á minusvalía visual e auditiva.</p> <p>Peso: 2.17%</p>	<p>Realizar a análise e valoración dun produtos de audiodescrición e subtitulación de obras audiovisuais e multimedia para a atención á minusvalía visual e auditiva.</p>		X		<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Cuestionarios.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións musicais. Cuestionario aberto.</p>	CSC

B7.2	2º-IS.7.2.1 - Utiliza recursos sonoros de acordo coas leis de propiedade intelectual. Peso: 2.17%	Utilizar en tódolas actividades realizadas durante o curso os recursos sonoros de terceiros conforme ás leis de propiedade intelectual.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Cuestionarios. INSTRUMENTOS: Producións musicais. Cuestionario aberto.	CSC
8: Calidades técnicas do equipamento de son idóneo en radio e medios audiovisuais							
B8.1	2º-IS.8.1.1 - Analiza o proceso de captación do oído humano e a percepción das frecuencias audibles. Peso: 2.17%	Coñecer as peculiaridades e características do proceso de captación do oído humano e o grado de percepción das frecuencias audibles.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Cuestionarios. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Producións de audio e vídeo. Cuestionario aberto. Proba obxectiva.	CAA
B8.1	2º-IS.8.1.2 - Identifica os fitos máis importantes producidos na evolución histórica do rexistro sonoro. Peso: 2.17%	Coñecer os fitos máis importantes producidos na evolución histórica do rexistro sonoro: os primeiros rexistros sonoros, os inicios do cine sonoro, a grabación analóxica, as primeiras grabacións multipista, os inicios da grabación dixital do son, os arquivos de audio e os seus formatos.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Cuestionarios. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Producións de audio e vídeo. Cuestionario aberto. Proba obxectiva.	CCEC
B8.1	2º-IS.8.1.3 - Recoñece os sistemas de captación e rexistro sonoro empregados na produción de audiovisuais e radio. Peso: 2.17%	Coñecer as técnicas máis empregadas para a captación e rexistro sonoro empregados na produción de audiovisuais e radio.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Cuestionarios. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Producións de audio e vídeo. Cuestionario aberto. Proba obxectiva.	CCL
B8.1	2º-IS.8.1.4 - Identifica as prestacións técnicas dos diversos micrófonos e accesorios necesarios	Coñecer a microfonía máis popular a nivel profesional en proxectos audiovisuais e de espectáculos e as súas prestacións técnicas.Saber		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Cuestionarios. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Producións de audio e vídeo. Cuestionario aberto. Proba obxectiva.	CMCC T

	en proxectos audiovisuais e de espectáculos. Peso: 2.17%	escoller de forma axeitada entre distintos tipos de micrófonos para a sonorización dun espectáculo ou grabación sonora concreta.					
B8.1	2º-IS.8.1.5 - Describe as prestacións de liñas de audio con diferentes tipos de cables e conectores, en función dos requisitos de micrófonos e dos equipamentos reprodutores, informáticos, de gravación e de rexistro de audio que se vaian empregar en proxectos audiovisuais. Peso: 2.17%	Coñecer os tipos principais de sinais eléctricas de audio e os tipos de cables e conectores máis usados na captación do son nos diferentes proxectos audiovisuais e de grabación e rexistro de audio.		X		<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Cuestionarios. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións de audio e vídeo. Cuestionario aberto. Proba obxectiva.</p>	CMCC T
B8.1	2º-IS.8.1.6 - Analiza as especificacións técnicas e as calidades operativas de diversas configuracións de equipamento de audio en gravacións en estudio de música, dobraxe e efectos sonoros. Peso: 2.17%	Realizar unha gravación musical e/ou a dobraxe dunha secuencia dunha película usando un equipamento semellante ó dun estudio de gravación dixital a pequena escala (Mesa de mezclas, ordenador, tarxeta multipistas e software de gravación multipistas)		X		<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Cuestionarios. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións de audio e vídeo. Cuestionario aberto. Proba obxectiva.</p>	CD
9: Equipamento técnico en proxectos multimedia							
9.1	2º-IS.9.1.1 - Identifica as prestacións do equipamento informático en	Coñecer as características básicas dun ordenador relacionadas coa capacidade de procesamento de audio e			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Cuestionarios. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións audiovisuais.</p>	CAA

PROGRAMACIÓN ANUAL DO DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA – IES O CASTRO

	proxectos multimedia. Peso: 2.17%	video, e os requisitos mínimos para traballar con eles en función do tipo de proxecto multimedia.				Cuestionario aberto. Proba obxectiva.	
9.1	2º-IS.9.1.2 - Recoñece as prestacións técnicas e operativas das aplicacións de tratamento de imaxes, animación 2D, edición de vídeo e autoría. Peso: 2.17%	Coñecer e saber usar a nivel básico, para a produción de algunhas das actividades do curso, algúns programas de tratamento de imaxes, animación 2D, edición de audio e vídeo.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Cuestionarios. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Producións audiovisuais. Cuestionario aberto. Proba obxectiva.	CMCC T
9.1	2º-IS.9.1.3 - Xustifica a utilización de determinados formatos de ficheiro de imaxe, audio e vídeo para cámaras fotográficas, escáners, micrófonos, liñas de audio e reprodutores de vídeo, adecuados aos proxectos multimedia. Peso: 2.17%	Coñecer e saber exportar correctamente os diferentes proxectos audiovisuais, realizados durante o curso, a ficheiros de imaxe, audio e vídeo con formatos axeitados ós diferentes dispositivos ou medios de reprodución.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Cuestionarios. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Producións audiovisuais. Cuestionario aberto. Proba obxectiva.	CSIEE
9.1	2º-IS.9.1.4 - Valora as necesidades de usuarios con diferentes graos de accesibilidade e as esixencias técnicas dos diversos medios de explotación e as opcións de saída das aplicacións multimedia. Peso: 2.17%	Saber valorar e resolver as necesidades de usuarios con diferentes graos de accesibilidade e as esixencias técnicas dos diversos medios de explotación e as opcións de saída das aplicacións multimedia.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Cuestionarios. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Producións audiovisuais. Cuestionario aberto. Proba obxectiva.	CMCC T

6.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

A materia de Tecnoloxía Industrial permite coñecer ao alumando as diferentes disciplinas tecnolóxicas que dan lugar as carreiras de Enxeñerías e os ciclos superiores técnicos. É, por tanto, a nosa responsabilidade introducir tamén as metodoloxías de estudo nestas carreiras a fin de orientar ao alumando nas súas preferencias futuras. Empregaremos, por tanto, unha variedade de metodoloxías, que irán dende a metodoloxía expositiva, coa que explicaremos conceptos básicos, a resolución de exercicios e problemas e a realización de pequenos proxectos, ou prácticas, que den a coñecer o lado máis práctico das saídas profesionais técnicas.

Na materia de TIC, por outra banda, fomentaremos sobre todo a autoaprendizaxe, plantexando pequenos proxectos , prácticas e desafíos e buscando materiais en rede que permitan que a rapazada constrúa a súa propia aprendizaxe ao seu ritmo. Fomentaremos o uso de titoriais online que o alumnado seguirá, marcándolle en clase os obxectivos a cumprir e adoptando, pola nosa parte, un papel de guías e axudantes no seu aprendizaxe.

7.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Os recursos materiais constitúen soportes físicos, facilitadores da información no proceso comunicativo, posto que a súa misión é vehicular esa información. Entre a multitude de recursos que empregaremos atópanse os seguintes:

a) Espazos:

Aula-Taller de tecnoloxía de bacharelato: na que se impartirán as clases de Tecnoloxía Industrial e Electrotecnia.

Aulas de informática: (Info1 e Info2) para as clases de TIC e Imaxe e Son nas que se empregará prioritariamente software libre e

almacenamento na nube.

b) Medios

Proxector e ordenador portátil: Os temas impartidos no aula necesitarán o apoio deste material, para facilitar o aprendizaxe por parte dos alumnos de determinados temas debido a la no existencia de libro de texto.

Pequena aula de informática (integrada na aula de tecnoloxía de Bacharelato), con **12 equipos**

Biblioteca de aula : libros de texto de diferentes editoriais (Rodeira, SM, Edelvives, McGraw-Hill,...) e libros sobre proxectos técnicos.

Aula virtual Moodle: na que se colgará material de apoio aos diversos niveis.

Blogs de diferentes profesores e materias.

Recursos na rede: poderán empregar Internet para consultar distintas páxinas relacionadas coa Tecnoloxía.

Nova dotación da aula: 12 robots, 2 Raspberrypy e 9 Arduinos, novas compoñentes electrónicas e unha impresora dixital.

O presuposto do departamento servirá para actualizar e/ou adquirir nova ferramenta e materiais das diferentes tecnoloxías: Eléctrica, electrónica, mecánica, neumática, materiais...

8.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

▪ CRITERIOS PARA TECNOLOXÍA INDUSTRIAL II:

Dependendo do bloque temático realizaranse probas escritas e/ou traballos de investigación e/ou prácticas de taller cada trimestre. Canalizaranse as actividades a través da aula virtual correspondente á materia e profesor, e a cada unha asignaráselle unha puntuación máxima en función da duración e dificultade da mesma.

- 1.- Probas de Exame - 30 % da nota. A nota mínima nestas probas será de 3 sobre 10 para facer media e aprobar a avaliación.
- 2.- Outras tarefas, actividades prácticas, traballos de investigación, exercicios varios, prácticas de taller, avaliáveis, - 70% da nota. Para cada tarefa, fixarase unha data límite de presentación.

No caso das actividades entregadas fora de prazo, a puntuación máxima que se poderá obter nesa actividades será o 5 sobre 10 (ou equivalente).

▪ CRITERIOS PARA TIC II:

Avaliaranse todas as tarefas feitas en clase. O peso na nota será, aproximadamente, proporcional ao tempo asignado para ser realizadas. Tendo isto en conta, a cada tarefa asignaráselle un número de puntos determinado. As tarefas abertas (proxectos) poden rematarse en casa, pero as tarefas pechadas serán realizadas exclusivamente en clase. As tarefas baremaranse como un 70% da nota e o restante 30% obterase do resultado dunha proba escrita con exercicios semellantes aos que se realizaron nas tarefas.

Aqueles que queiran subir nota ou recuperar algunha avaliación poderán realizar un exame teórico-práctico ao final de curso no que se avaliarán conxuntamente todos os estándares de aprendizaxe traballados ao longo do curso, ou do bloque suspenso, segundo proceda. Excepcionalmente (casos de enfermidade e faltas prolongadas do alumnado) poderán entregarse tarefas atrasadas e ser baremadas na seguinte avaliación).

▪ CRITERIOS PARA IMAXE E SON

Avaliaranse tódalas tarefas feitas durante as clases. O peso na nota será, aproximadamente, proporcional á súa dificultade e ao tempo asignado para ser realizadas. Tendo isto en conta, a cada tarefa asignaráselle un número de puntos determinado. Posto que en tódalas tarefas se desenvolve a competencia dixital será obrigatorio entregar todas as tarefas para ser avaliado deste xeito.

Para cada tarefa, fixarase unha data límite de presentación (na aula virtual da materia/profesor/a ou en algúns casos na carpeta compartida en liña co profesor). Non entregar un traballo en prazo será penalizado cunha puntuación de cero. No caso dun traballo entregado moi incompleto, cun 50% de contido ou menos, a consideración dese traballo será equivalente a un traballo non entregado a tódolos efectos. Entregar fora de prazo ou non entregar dous ou máis traballos suporá que a nota da avaliación correspondente será igual ou menor a 4, aínda que a nota na aula virtual sexa superior.

No caso de suspender unha avaliación, o alumno/a poderá presentar posteriormente os traballos non entregados ou incompletos para poder recuperala, pero so poderá obter unha cualificación dun 5.

Aqueles que queiran subir nota poderán realizar un exame teórico-práctico ao final de curso no que se avaliarán conxuntamente tódolos estándares de aprendizaxe traballados ao longo do curso.

Para calcular a nota final das materias farase a media entre as tres avaliacións.

CRITERIOS PARA TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN PARA UNHA SOCIEDADE GLOBAL

Obxectivos de avaliación

Coñecemento e comprensión de contidos específicos

1. Demostrar coñecemento de aplicacións e desenvolvementos de TI en situacións específicas
2. Demostrar coñecemento da importancia social e ética de determinados aplicacións e desenvolvementos de TI específicos
3. Demostrar coñecemento técnico de terminoloxía, conceptos e ferramentas de TISG
4. Demostrar coñecemento técnico de sistemas de TI.

Aplicación e análise

1. Explicar os impactos de aplicacións e desenvolvementos de TI en situacións específicas
2. Analizar a importancia social e ética de aplicacións e desenvolvementos de TI específicos
3. Transferir coñecementos de TI e establecer conexións entre situacións específicas.

Síntese e avaliación

1. Avaliar o impacto local e global de desenvolvementos de TI específicos mediante estudos para os cales se realizou unha investigación de forma persoal
2. Avaliar unha solución de TI a un problema específico usando o coñecemento de sistemas de TI
3. Discutir as implicacións sociais e éticas de políticas e desenvolvementos de TI específicos

Uso de habilidades de TISG

1. Demostrar capacidade de dirección de proxectos no desenvolvemento dun produto ben organizado que resolva unha cuestión específica
2. Usar ferramentas de TI e o ciclo de vida de desenvolvemento de produtos para crear un produto orixinal en consulta cun cliente
3. Demostrar capacidade de uso de técnicas adecuadas para desenvolver un produto de TI orixinal

Esquema de cualificación xeral Bacharelato Internacional

Esta é a cualificación que terá en conta a organización do Bacharelato Internacional, para a avaliación desta materia.

Obxectivo de avaliación	Proba 1	Proba 2	Avaliación interna	Total

1. Coñecemento e comprensión de contidos específicos	20	10	8	38
2. Aplicación e análise	14	10	5	29
3. Síntese e avaliación	6	10	4	20
4. Uso de habilidades de TISG	–	–	13	13
Ponderación do compoñente	40%	30%	30%	100%

Esquema de cualificación das probas

Compoñente de avaliación	Porcentaxe da avaliación
<p>Avaliación externa (2 horas 45 minutos)</p> <p>Proba 1 (1 hora 30 minutos) Catro preguntas estruturadas que avalían de forma integrada o tres módulos do programa de estudos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Importancia social e ética • Aplicación a situacións específicas • Sistemas de TI <p>Os alumnos responden dois do catro preguntas estruturadas sobre calquera dos temas troncales do NM e o NS.</p> <p>(40 puntos)</p>	<p>70%</p> <p>40%</p>
<p>Proba 2 (1 hora 15 minutos) Esta proba consiste en un artigo que os alumnos non viron previamente. Os alumnos deben escribir unha resposta ao devandito artigo.</p> <p>(26 puntos)</p>	<p>30%</p>

<p>Avaliación interna</p> <p>Este compoñente avalíao internamente o profesor e modérao externamente o IB ao final do curso.</p> <p>Proxecto (30 horas)</p> <p>O desenvolvemento dun produto de TI orixinal para un cliente específico. Os alumnos deben presentar:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Unha portada co formato prescrito • Un produto de TI orixinal • Documentación de apoio do produto (2.000 palabras como máximo) • Un vídeo. <p>(30 puntos)</p>	<p>30%</p>
--	-------------------

Cualificación LOMCE

Para a avaliación LOMCE vos criterios de cualificación serán:

1. Tarefas propostas na aula virtual, de valor proporcional ao tempo asignado para a súa realización: 70%
2. Probas escritas, seguindo ou modelo das probas finais do bacharelato internacional: 30 %
3. Ou traballo de avaliación interna será cualificado non segundo curso de bacharelato, aínda que se comece a traballar nel durante este curso.

9.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

O proceso de ensino-aprendizaxe precisa tamén dunha avaliación continua, que se realizará nas reunións do departamento, a fin de mellorar o proceso. Os procedementos que empregaremos serán os seguintes:

1. Avaliación do proceso de ensino mediante tarefas realizadas na clase:
 - a) Media da puntuación do alumnado na tarefa
 - b) Dificultades que xurdiron ao realizala.
 - c) Grao de motivación do alumnado
 - d) Tempo empregado para realizada e desviación do esperado
 - e) Posibles cambios na programación de futuras tarefas semellantes.
2. Avaliación da práctica docente

3. AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE	
ACTIVIDADE	INDICADORES DE LOGRO
Planificación	<ul style="list-style-type: none"> -Planifica a práctica docente tendo en conta os estándares de aprendizaxe. Realiza a temporización tendo en conta as horas asignadas á materia e a duración dunha sesión de traballo. -Selecciona e secuencia os contidos de maneira progresiva e tendo en conta os aspectos particulares de cada grupo. -Planifica as clases de maneira aberta e flexible. -Selecciona e elabora os materiais e recursos didácticos para desenvolver a práctica docente na aula. -Prepara o material e guións das prácticas e proxectos que se desenvolverán na aula-taller.

	<ul style="list-style-type: none"> -Establece criterios, procedementos e instrumentos de avaliación correlacionados cos estándares de aprendizaxe -Coordínase co profesorado do propio departamento e doutros departamentos.
Motivación do alumnado	<ul style="list-style-type: none"> -Dá a coñecer a planificación da práctica na aula proporcionando unha visión de conxunto ao comezo de cada bloque de contidos e de cada sesión de traballo. -Establece canles de comunicación para que o diálogo sexa fluído dentro e fóra da aula-taller. -Proporciona ao alumnado o apoio necesario durante o proceso de ensino-aprendizaxe. -Desenvolve actividades de diversos tipos e características introducindo elementos novedosos. -Fomenta un bo ambiente na aula. -Promove a participación activa do alumnado. -Fai posible a realimentación na entrega e avaliación de prácticas e traballos. -Relaciona os contidos, os proxectos e as actividades cos intereses do alumnado. -Organiza a aula para que o alumnado dispoña de espazo e recursos na realización de prácticas e traballos. -Evita a repetición de proxectos a fin de introducir elementos novedosos que motiven ao alumnado.
Traballo na aula	<ul style="list-style-type: none"> -Resume e repasa ao comezo de cada sesión os contidos xa traballados en sesións anteriores. -Utiliza exemplos na introdución de novos contidos. -Resolve as dúbidas do alumnado dentro e fóra das sesións de traballo. -Establece tempos fóra das sesións de traballo para atender ao alumnado. -Utiliza diferentes soportes durante as sesións de traballo. -Selecciona prácticas, proxectos e actividades en xeral que permitan alcanzar os estándares de aprendizaxe e a adquisición das competencias clave.
Avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe	<ul style="list-style-type: none"> -Realiza a avaliación inicial a fin de tomar as medidas individuais ou colectivas necesarias. -Analiza os procesos e os resultados das prácticas, proxectos, exercicios probas e actividades en xeral. -Establece medidas que permitan introducir melloras. -Fai posible a realimentación na entrega e avaliación de prácticas e traballos indicando os aspectos nos que o alumnado pode e debe introducir melloras. -Proporciona indicacións durante a realización do traballo práctico na aula-taller. -Supervisa de forma continua a resolución de exercicios e realización de tarefas que se desenvolven durante as sesións de traballo. -Favorece os procesos de autoavaliación. -Propón actividades complementarias para resolver problemas que xorden durante o proceso de ensino-aprendizaxe. -Establece con claridade os criterios de avaliación e de puntuación. -Informa ao alumnado e ás súas familias dos resultados obtidos.

10.- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

O alumnado con materias pendentes terá acceso a Aula Virtual e/ou Blogs do curso pendente, de xeito que poderá empregar todo o material que se atopa nelas para preparar a materia pendente. A fin de axudalo a organizarse se dividirá a materia en dúas seccións (unha ata xaneiro, e outra a finais de curso, e se lle propondrá a realización e entrega das actividades do curso). Estas actividades serán supervisadas e corrixiadas pola profesora de tecnoloxía que lle imparte clase neses curso académico ou (senón cursa Tecnoloxía Industrial), polo xefe do departamento. Se lle ofrecerá a posibilidade de facer unha proba escrita despois de e, por suposto, a proba escrita que establece a lexislación, a finais de curso.

11.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Deseñaremos unha primeira unidade didáctica de pequena duración (15 a un mes, dependendo do grupo), na que repasaremos os conceptos previos xerais necesarios para este curso e avaliaremos as principais competencias necesarias para o desenvolvemento do curso.

Os resultados desta unidade didáctica se discutirán nunha reunión de departamento e se discutiran os posibles cambios que se teñan que dar na programación debido a análise desta situación.

12.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Compre, antes de nada, subliñar que a atención a diversidade é moi difícil e infrutuosa en grupos moi numerosos como nos atopamos aquí. Nestes casos a atención personalizada é imposible dentro da aula, polo que teremos nos nosos horarios unha hora de titoría individual para atender casos concretos. Ademais atenderemos ao alumnado individualmente mediante as ferramentas que temos para iso na Aula Virtual.

A atención a diversidade tamén se fará mediante a metodoloxía empregada, na que o traballo co alumnado é mediante pequenas tarefas que eles deben facer, respectando así o ritmo individual de cada persoa. Intentaremos minimizar, sempre que sexa posible, as grandes explicacións ao grupo completo e empregar vídeos e textos que o alumnado poida traballar individualmente ou en grupo.

13.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO

Dado o escaso número de mulleres con vocacións tecnolóxicas, o principal elemento transversal que traballaremos será precisamente a igualdade de xénero. Poremos especial énfase na identificación de situacións de desigualdade de xénero, así como intentaremos visibilizar o traballo feminino no mundo tecnolóxico e informático.

Na materia de TIC traballaremos tamén con especial atención no respecto aos dereitos de autoría, identificando os materiais con licenzas libres e dándolle visibilidade a estes materiais. Ademais trataremos de traballar e dar visibilidade ao software libre como unha ferramenta que respecta as principais liberdades das persoas.

14.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

As actividades complementarias están deseñadas para orientar ao alumnado nos diversos estudos que o alumnado pode desenvolver relacionados coa Tecnoloxía.

1ºBACH (Alumnos de Tecnoloxía Industrial- 26) Visita e talleres na Escola superior de Enxeñería de Minas

1º BACH: (alumnado de TISG Bacharelato Internacional) Visita a USC para ver servidores e meteogalicia

Datas: segundo trimestre

Duración: todo o día

2ºBACH Viaxe a **Múnic** - Alumnos Tecno Industrial II + TIC II

Datas: Dúas datas posibles, dependendo das datas de avaliación: Final da 2º avaliación ou final da 3º avaliación.

2ºBACH - Industriales (Torrecedeira) - Ensaio de materiais.

Data: Decembro

15.- APLICACIÓN DOS PLANS E PROXECTOS DE CENTRO

Participamos no Plan de Formación do Centro, que denvolverá un proxecto de tecnoloxía textil aplicada a tódolos ámbitos educativos. Ademais tamén estaremos presentes en outros dos grupos de traballo deste mesmo Plan de Formación e no curso pedido para este efecto.

16.- ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS

TECNOLOXÍA INDUSTRIAL II

Para acreditar os coñecementos necesarios para cursar Tecnoloxía Industrial II o alumnado deberá realizar unha proba de acceso semellante a proba realizada na convocatoria de setembro. Para iso se lle dará acceso ao alumando a aula virtual do curso de Tecnoloxía Industrial I a fin de dotalo de ferramentas de preparación para o exame.

TIC II

Para acreditar os coñecementos necesarios para cursar Tecnoloxías da información e comunicación II deberá realizar un exame teórico-práctico semellante á proba final da convocatoria de setembro (de feito se lle permitirá realizar dita proba). Para iso se lle dará acceso ao alumando a aula virtual do curso de TIC I a fin de dotalo de ferramentas de preparación para o exame.

Quedan exentos destas probas o alumando que curso o bacharelato científico nun país estranxeiro, pero que teña cursada a materia de Tecnoloxía ou Informática en 4º de ESO ou os que teñan cursada a materia de Tecnoloxía Industrial I.

16.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

A revisión da programación se realizará nas reunións de departamento, analizando os indicadores de logro do proceso de ensino-aprendizaxe e axustando a temporalización.

Analizaranse os resultados académicos ao rematar a avaliación e estableceranse e anotaranse no caderno de actas as posibles melloras para o vindeiro curso. Todo isto será reflectido na memoria do departamento.

Un dos aspectos que tamén deberemos avaliar son os propios indicadores de logros. Deberemos estar alerta de que a avaliación do ensino-aprendizaxe non se converta nunha tarefa rutineira de enchedura de papeis que non serven para nada. Trataremos de pulir os indicadores de logro para que teñan unha función útil.

En calquera caso a avaliación cualitativa que se fai día a día sempre terá un gran peso no departamento. Aínda que so recolleremos un acta de departamento por mes, as reunións faranse semanais e adicaranse tanto á cualitativa como á preparación das seguintes unidades didácticas. Ademais, en segundo curso (no que somos dúas profesoras) realizaremos avaliacións cualitativas semanais, e iremos reflectindo os cambios nas estratexias de ensino-aprendizaxe na programación de aula.